

CURSO 2022-23

**Programación do
área de ARTES
ESCÉNICAS E DANZA**

4º da ESO

IES Afonso X “O Sabio”

Índice:

-Introdución e contextualización.....	2
-Lexislación.....	2
-Recursos persoais.....	3
-Recursos materiais.....	3
-Análise e valoración da consecución dos aprendizaxes imprescindibles no curso 2021-22.....	4
-Adaptacións da presente programación ás posibles situacións de docencia non presencial.....	5
-Contribución da materia de Artes escénicas ao logro das competencias clave.....	7
-Obxectivos Xerais.....	8
-Obxectivos do curso.....	10
-Contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	10
- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave.....	14
-Concrecións metodolóxicas.....	36
-Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	37
-Materiais e recursos didácticos.....	38
-Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	38
-Atención á diversidade.....	39
-Indicadores de logro.....	39
-Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	40
-Plan lector.....	41
-Plan de integración das TICs.....	42
-Tratamento dos temas transversais	43
-Bibliografía.....	44
-Actividades complementarias e extraescolares.....	47
-Avaliación e revisión da programación.....	47

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Afonso X “O Sabio” é un centro situado na área metropolitana de A Coruña. Conta cuns 820 estudantes, a maioría da ESO, tradicionalmente cun alto grao de abandono escolar. Dende hai anos desenvólvense no centro diversas liñas formativas para intentar dar ao alumnado a maior cantidade de oportunidades posible e reverter esa situación na medida do posible.

No IES Afonso X “O Sabio”, de A Barcala (Cambre), impártense ensinanzas da ESO, bacharelato, ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa, ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas e Formación Profesional Básica.

O IES Afonso X “O Sabio” ten tres centros de primaria adscritos: o CEIP “Wenceslao Fernández Flórez”, o CEIP O Graxal e o CEIP Portofaro. Ademais destes alumnos, contamos cunha porcentaxe de inmigrantes de diversos lugares que completan o amplo espectro do noso alumnado.

O alumnado en xeral procede de familias de clase media-baixa, e o seu nivel académico está dentro da media dos centros das súas características. O desenvolvemento psicomotriz, musical e artístico do noso alumnado é bastante dispar e ten moito que ver a orixe do alumnado (centro do que procede), ou o seu nivel de participación en actividades extraescolares. No concello de Cambre existen poucas posibilidades de desenvolver actividades musicais, destacando a Escola e banda municipal A Sementeira. Ademais, tamén temos alumnado que estuda nos conservatorios de música profesionais de Culleredo e da Coruña, que acoden a algún grupo de teatro local e, ocasionalmente, temos algún estudante do Conservatorio de danza da Coruña. Porén, estas actividades dependen sempre da dispoñibilidade das familias (tanto económica como de tempo dispoñible) para poder sufragar e acompañar ao alumnado a estas actividades, que implican sempre moitas horas de dedicación á semana e, dada a situación do noso alumnado, xa temos casos de estudantes que teñen que aparcar estes estudos por situacións familiares complicadas. Desde o departamento buscamos favorecer a práctica musical e escénica para que o alumnado desenvolva a súa personalidade a través da práctica artística pero tamén para que o alumnado se identifique cos seus intereses externos co que se fai no propio centro educativo.

LEXISLACIÓN

A base lexislativa para a presente programación son os seguintes documentos:

Ley Orgánica 8/2013 del 9 de diciembre, para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE).

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembre que desenvolve o currículo de secundaria da LOMCE para todo o territorio español, e que viu completado o seu desenvolvemento curricular para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que no seu anexo II desenvolve os criterios de avaliación, os contidos correspondentes e os estándares de aprendizaxe de cada unha das materias específicas.

A Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015), pola que se ditan instrucións para a implantación do citado currículo. O capítulo V (artigo 13) fai referencia as programacións didácticas.

RECURSOS PERSOAIS:

Constitúen o departamento de música do IES Afonso X "O Sabio", para o presente curso os profesores: Beatriz Alonso Pérez – Ávila, María Antonia Montes Fernández, e María Jesús Domínguez Daponte. Imparten as seguintes materias nos grupos que se describen a continuación:

-Beatriz Alonso Pérez - Ávila, profesora numeraria, vicedirectora. Imparte un total de 11 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 2º ESO E (sección bilingüe),
Canto coral e técnica vocal 2º ESO (A,B,C,D,E)
Proxecto competencial: 3º ESO (E,D)
Linguaxe e práctica musical: 1º de Bacharelato
Historia da música e da danza: 2º de Bacharelato (A,B)

-María Jesús Domínguez Daponte, profesora numeraria. Imparte un total de 20 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 2ºA, B, C, D da ESO, 3º D e un grupo de 4º ESO (A-E),
Proxecto competencial: 1º ESO (3 grupos), 3º(1 grupo)
Artes escénicas e Danza: 4ºESO (A,B,C,D,E)

- María Antonia Montes Fernández, profesora numeraria e xefa de departamento. Imparte un total de 17 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 3º ESO (A, B, C, E (bilingüe) e un grupo de 4º ESO (A,B,C)
Artes escénicas e Danza: 4ºESO (A,B,C,E)
Historia da música e da danza: 2º de Bacharelato (C,D)

RECURSOS MATERIAIS:

O IES conta con dúas aulas de Música.

Temos xuntado practicamente todo o instrumental nunha das aulas -a máis grande e a que non molesta a ningún grupo ordinario- na que se pode ofrecer a todo o alumnado de calquera grupo, por moi numeroso que sexa, a posibilidade de facer música con distintos instrumentos. Conta con percusión Orff, tubos sonoros, canon proxector, equipo de son, de gravación, mesa de mesturas, lousa pautada de rotulador, piano eléctrico, guitarra eléctrica, baixo eléctrico, batería eléctrica, amplificador multicanle para os mesmos, guitarra española, tres ukeleles, catro teclados (un deles sen capacidade dinámica) e equipo de voces.

A segunda aula, máis pequena, conta con canón proxector, equipo de son, un ordenador con materiais multimedia axustados aos contidos, equipación de pequena percusión, lousa pautada e de xiz, guitarra española e piano eléctrico, ademáis de esterillas para realizar expresión corporal, movemento e danza.

ANÁLISE E VALORACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO 2021-22

Tras o curso pasado e tendo en conta a situación sanitaria excepcional, analizamos a consecución dos aprendizaxes imprescindibles no pasado curso e os aspectos que teremos que ter en conta para a programación do 2022-2023:

- Os resultados acadados polo alumnado o curso pasado foron bastante aceptables.
- A boa disposición do alumnado fixo que as medidas ditadas pola consellería de Sanidade e supervisadas escrupulosamente polo profesorado, non supuxeran un dano importante na actividade nin nos resultados da práctica instrumental e vocal.
- Seguimos a fomentar, en todos os niveis, a capacidade de traballo autónomo e individual de actividade musical, para conseguir que no caso de actividade presencial ou semipresencial o alumnado poida realizar as tarefas encomendadas.
- A gran aceptación que tivo a introdución, o pasado curso, do ukelele no grupo bilingüe de 2º da ESO, traducirase este curso na ampliación do uso deste instrumento para todos os grupos de 2º da ESO. Destacamos, entre outras vantaxes, a posibilidade de que o alumnado practique nas súas casas cun instrumento propio.
- Fomentaremos na programación os contidos relacionados cos de interpretación na aula, mentres que os apartados de creación e contextos artísticos e musicais desenvolveranse tanto na aula como desde casa, en caso de ensino a distancia ou semipresencial.
- Utilizaremos as ferramentas de Aula virtual en 1º e 2º de bacharelato e Edixgal en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. Durante as primeiras semanas de setembro todo o alumnado será dado de alta e se poderán engadir os recursos necesarios para asegurar a ensinanza en liña en todo momento.
- En cada unha das materias sinaláranse cales serán as alternativas para o seguimento do ensino a distancia, indicando posibles actividades, feedback e avaliación.

ADAPTACIÓNS DA PRESENTE PROGRAMACIÓN ÁS POSIBLES SITUACIÓNS DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

Debido ás circunstancias sanitarias desenvolveremos unha serie de estratexias na presente programación para garantir o dereito á educación a aqueles alumnos e alumnas no caso de ter que continuar o ensino de forma non presencial.

Debido as características da nosa materia que é eminentemente práctica e a dificultade que temos de poder avaliar as aprendizaxes sen utilizar medios audiovisuais por garantir a protección dos menores na rede, a materia impartida de forma telemática quedará exclusivamente referida a aspectos teóricos ou teórico-prácticos que serán avaliados mediante traballos e/ou probas online, aínda que fomentando o traballo da creación e interpretación musical e artística nos domicilios.

Dentro do departamento distinguiremos ao alumnado que contará con Edixgal (ESO), polo que esa será a ferramenta dixital utilizada para transmitir as tarefas e contidos, e a o alumnado de 1º e 2º Bacharelato para os que utilizaremos a Aula virtual do IES co fin desenvolver os contidos e as tarefas necesarias para continuar coa docencia en liña.

O departamento garante que todo o alumnado que tivese que seguir as clases de forma telemática poderá acadar os estándares imprescindibles para superar a materia e poder alcanzar cualificacións similares a unha situación normal, ponderando a cualificación segundo o tempo de cada unha das docencias, presencial e no presencial.

Para garantir que todo o alumnado ten a capacidade de seguimento de este tipo de docencia estableceremos contacto coa persoa titora do grupo para coñecer as dificultades técnicas que poidan presentar e durante os primeiros días de clase utilizaremos todos os recursos dixitais nas plataformas indicadas e nos aseguraremos que todos os estudantes son quen de utilizalos de forma correcta. No caso de que algún alumno o alumna non conte con medios técnicos na súa casa para poder seguir a docencia el liña utilizaremos os mecanismos que se establezan dende a dirección do centro para poder enviar o material necesario e establecer os feedbacks para garantir o ensino.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE AAEE AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

a. Comunicación lingüística (CCL)

A música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, fomentando o desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas orais e escritas, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico.

b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A linguaxe musical fundaméntase na linguaxe matemática; a representación gráfica da duración do son e do ritmo (figuras, silencios, compases, etc.) se expresa en forma de proporcións matemáticas e fraccións). Igualmente ocorre con outros conceptos musicais como o intervalo, a distribución en tons e semitóns da escala, o acorde ou as indicacións metronómicas, por enumerar algúns.

Por outra parte, trátanse tamén contidos de carácter científico e tecnolóxico, como o estudo do fenómeno físico do son e os seus diferentes parámetros, a produción do son nas diferentes familias instrumentais e os factores que determinan o timbre propio de cada instrumento, os procesos biolóxicos da audición e a voz e o coñecemento das partes do corpo implicadas no mesmo, etc.

c. Competencia dixital (CD).

A ensinanza de a Música contribúe tamén ó desenvolvemento da competencia dixital, promovendo o dominio básico de recursos tecnolóxicos no campo da música (hardware e software musical, técnicas de tratamento e gravación do son, produción de mensaxes audiovisuais, utilización de Internet como fonte de información, etc.).

d. Aprender a aprender (CAA).

O estudo da Música fomenta o desenvolvemento de capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe do alumno, como a atención, a concentración, a memoria, o esforzo e a constancia.

e. Competencias sociais e cívicas (CSC).

As actividades de interpretación e práctica musical requiren por parte dos alumnos dun traballo cooperativo baseado na tolerancia, o respecto e a solidariedade. Desenvolvemento de habilidades sociais (autocontrol, autoestima e empatía, entre outras).

f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Ca interpretación musical se potencia a habilidade para planificar e xestionar proxectos e se desenvolven a perseveranza, a responsabilidade, a autonomía e a autoestima, fomentando deste modo a confianza dos alumnos en si mesmos e seu espírito emprendedor.

g. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A Música está relacionada de forma directa con dita competencia en todos os aspectos que a configuran, e a capacidade de comprender e valorar criticamente manifestacións musicables de diferentes culturas, épocas e estilos, a partir da audición e a análise musical e sociolóxico das mesmos, así como a adquisición de habilidades para expresar ideas, experiencias o sentimentos de forma creativa, especialmente ca interpretación, a improvisación e a composición.

OBXECTIVOS XERAIS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde.

o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Recoñecer os elementos básicos dos espectáculos escénicos, permitindo desta forma a súa análise e interpretación.
- Adquirir as capacidades necesarias para poder elaborar e recrear ideas escénicas mediante o uso da voz e dos instrumentos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de expresión.
- Desenvolver as capacidades de análise de obras escénicas como exemplo da creación artística e do patrimonio cultural, comprendendo o seu uso social e as súas intencións expresivas.
- Aprender a utilizar diversas fontes de información para o coñecemento, goce e apreciación escénica.
- Adquirir o vocabulario que permita explicar de forma oral e escrita os procesos escénicos e establecer valoracións propias.
- Fomentar o visionado activo e consciente de obras escénicas como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal, con vistas a favorecer a ampliación e diversificación dos seus gustos artísticos.
- Participar en actividades teatrais, tanto dentro como fóra da aula, individual e grupalmente, con actitude aberta, interesada e respectuosa.
- Coñecer as diferentes manifestacións coreográficas e teatrais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.
- Introducirse na utilización das novas tecnoloxías para a reprodución, transmisión, vídeo e gravación do fenómeno artístico.

CONTIDOS DO CURSO 4º ESO RELACIONADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Bloque 1. Común

- B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.
- B1.2. Historia da ópera.
- B1.3. Teatro musical.
- B1.4. Historia do teatro e da danza.
- B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.
- B1.6. Elementos básicos da ficción escénica.

AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.).

AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social.

- B1.7. Tradicións escénicas: oriente e occidente.

- B1.4. Historia do teatro e da danza.
- B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.
- B1.8. A ópera en Europa, España e Galicia.

AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión.

B1.9. Beneficios da práctica da danza e o teatro para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.

B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.

AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.

B1.1 Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.

AEDB1.4.1. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados.

B1.11. Ferramentas de expresión corporal, xestual oral e rítmico-musical.

B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.

B1.6. Elementos básicos da ficción escénica.

AEDB1.5.1. Demostra riqueza comunicativa verbal e non verbal.

AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra.

AEDB1.6.1. Amosa interese por construír unha personalidade autónoma e independente.

Bloque 2. Teatro

B2.1. Paradigmas e escolas de interpretación.

B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.

B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.

B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo.

AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos diversos estilos e das formas de danza e de teatro.

B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.

B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.

B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.

B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.

AEDB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica.

AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autoconhecimento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal.

AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.

B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.

B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.

B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.

B2.4. Os oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo.

AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral.

AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción.

AEDB2.3.3. Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática e teatral.

B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.

B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.

B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo.

AEDB2.4.1. Participa nas diferentes actividades de grupo

AEDB2.4.2. Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo.

Bloque 3. Danza

B3.1. Descrición e análise das formas e os estilos de danza.

B3.2. Paradigmas e escolas de danza.

B3.3. Técnicas de danza

AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.

B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.

B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.

B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.

B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.

B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.

B3.9. Estruturas coreográficas

AEDB3.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo.

AEDB3.2.2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula.

B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.

B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.

B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.

B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.

B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.

B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.

B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.

B3.12. Composición coreográfica.

AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza.

AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.

Bloque 4. Outras artes escénicas

B4.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance.

B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.

B4.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.

AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións.

AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares.

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

Estándar de Aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	C. Clave
<p>AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.).</p>	<p>1º avaliación Estudo do concepto e tipoloxía das Artes Escénicas. Evolución do teatro ao longo da historia. Lectura dramatizada dunha obra de teatro de relevancia dentro da historia do teatro. Reflexión sobre os elementos básicos da ficción escénica. Teatro en Europa, España e Galicia. Elementos básicos da ficción escénica. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza. Visionado de vídeos de teatro.</p> <p>2º avaliación Evolución da ópera ao longo da historia. Relación entre os distintos xéneros teatrais. Aparición do xénero de teatro musical. Visionado de vídeos de ópera.</p> <p>3º avaliación Evolución da danza ao longo da historia. Realización dunha montaxe</p>	<p>Lectura con soltura da obra de teatro suxerida. Respetar nas interpretacións as indicacións de realizadas pola profesora. Recoñecer as distintas formas teatrais e a súa evolución ao longo da historia, sendo quen de distinguir cada manifestación artística e situala no seu contexto. Comprende os elementos básicos da ficción escénica.</p>	<p>Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previa preparación por parte do alumnado.</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>Realización de exames, probas e traballos sobre os contidos traballados. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p>	<p>CCEC CSC</p>

	teatral. A Danza en España e Galicia.			
--	--	--	--	--

<p>AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social.</p>	<p>1º avaliación Estudo do concepto e tipoloxía das Artes Escénicas e a súa relación coa sociedade na que vivimos. Evolución do teatro ao longo da historia. Lectura dramatizada dunha obra de teatro de relevancia dentro da historia do teatro. Reflexión sobre a súa dimensión transformadora. Reflexión sobre os elementos básicos da ficción escénica e a súa necesidade para levar a cabo un montaxe teatral.</p> <p>2º avaliación Evolución da 'opera ao longo da historia. Crítica e dimensión social da mesma. O xénero de teatro musical e a relación coa sociedade. Unidade didáctica da violencia de xénero na ópera: <i>Pagliacci</i>.</p> <p>3º avaliación Evolución da danza ao longo da historia. Relación cos conceptos de feminidade.</p>	<p>Comprende a dimensión social e crítica da obra de teatro traballada como lectura dramatizada. Respectar nas interpretacións as indicacións de realizadas pola profesora. Recoñecer a dimensión social das artes escénicas.</p>	<p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>Realización de exames, probas e traballos sobre os contidos traballados. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previa preparación por parte do alumnado.</p> <p>Achegamento á Commediadell'Arte, a ópera verista e a súa relación coa violencia de xénero. (Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CCEC CAA</p>
<p>AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da</p>	<p>1ª avaliación Evolución do teatro español e galego ao longo da historia,</p>	<p>Comprende a dimensión social e crítica das obras teatrais, operísticas e dancísticas no patrimonio artístico español, sendo quen</p>	<p>Responder a cuestionarios de recoñecemento de diferentes xéneros teatrais, por medio de</p>	<p>CAA CCEC</p>

<p>súa preservación e transmisión.</p>	<p>relacionando estas manifestacións coa sociedade española.</p> <p>2ª avaliación Evolución da 'opera española ao longo da historia, a súa relación coa Zarzuela e polémicas coa creación da Ópera Nacional. Relación entre a Zarzuela e outros xéneros de teatro musical semellantes noutros países: Singspiel, Opera Comique e Intermezzo.</p> <p>3ª avaliación Evolución da danza en España: xéneros mais relevantes e relación coa imaxe de España no exterior.</p>	<p>de distinguir cada manifestación artística e situala no seu contexto.</p>	<p>visionado ou de sinxelos textos. Ser capaz de xustificar en base aos coñecementos teóricos os procedementos e as formas atopadas. Realización de exames, probas e traballos sobre os contidos traballados.</p> <p>(Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p>	
<p>AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.</p>	<p>Todas as avaliacións. E este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.</p> <p>1ª avaliación</p> <p>Comprensión das distintas partes do corpo e a división delas que fai Laban. Integración da kinesfera e os movementos que podemos facer dentro dela. Asimilación dunha correcta</p>	<p>Coida da corrección postural do corpo.</p> <p>Comprende as distintas partes do mesmo e responsabilízase do seu coidado.</p> <p>Asimila os distintos tipos de respiración e utiliza a respiración costo-diafragmática para o recitado de textos.</p> <p>Integra os distintos tipos de técnicas de danza entendendo a súa relación co movemento natural do corpo e a corrección postural Integra principios de corrección postural nas rutinas de clase.</p>	<p>Ensaio e participación en interpretacións públicas e na aula onde se apliquen estes contidos. (Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CMCCT CD</p>

	<p>respiración e emisión da voz, non só para buscar unha mellor declamación senón para mellorar a expresión oral.</p> <p>2ª avaliación</p> <p>Achegamento a nocións básicas de anatomía aplicada á danza. Relación entre o movemento corporal e os seus beneficios para a saúde física e mental. Realización de estiramientos de todos os músculos do corpo que entran en funcionamento na danza.</p> <p>3ª avaliación</p> <p>Relación entre a danza moderna e métodos de coidado e recuperación do corpo como o Pilates.</p>			
--	---	--	--	--

<p>AEDB1.4.1. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados.</p>	<p>Todas as avaliacións. Desde o principio de curso fomentárase acudir a espectáculos de artes escénicas e danza, así como a súa realización no noso centro educativo.</p> <p>Realizaranse frecuentes visionados de espectáculos teatrais e coreográficos, así como se potenciará o achegamento a outras artes escénicas, favorecendo o xuízo crítico e a expresión e confrontación de ideas.</p>	<p>Emite xuízos reflexionados, respectuosos e profundos sobre as representacións vistas, tanto de xeito oral como por escrito.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos sobre os espectáculos vistos, de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%)</p> <p>Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p>	<p>CCEC CSIEE</p>
<p>AEDB1.5.1. Demostra riqueza comunicativa verbal e non verbal.</p>	<p>Todas as avaliacións.</p> <p>Hai que procurar que o e a estudante se exprese aumentando dun xeito progresivo o seu vocabulario, tanto específico como xeral, tanto na linguaxe verbal como non verbal.</p>	<p>Emprega un vocabulario técnico apropiado aos contidos estudados e relacionado coas distintas artes traballadas.</p> <p>Desenvolve unha riqueza de expresión corporal mínima, que permita unha maior conciencia corporal e tamén aumentar a confianza e as posibilidades expresivas de cada un dos estudantes.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos sobre os espectáculos vistos, de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%)</p> <p>Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais.</p> <p>(Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p>	<p>CCL</p>
	<p>Todas as avaliacións.</p>	<p>Respecta os tempos de creación de todos</p>	<p>Realización de pequenas</p>	<p>CSC</p>

<p>AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra.</p>	<p>É este un labor que se irá conseguindo en progresión. Hai que procuralo desde o inicio de curso, fomentando sempre o respecto e a valoración, por parte dos estudantes, dos distintos tipos de expresión artística.</p>	<p>os e as compañeiras. Utiliza o diálogo como base da creación interpretativa, principalmente na improvisación teatral. Valora a expresión individual de cada un dos compañeiros e compañeiras. Reflexiona sobre creacións artísticas vistas en clase e en actividades complementarias e extraescolares desde o respecto e a aprendizaxe de diferentes vehículos de expresión.</p>	<p>improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente. Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual Realización de exames, probas, comentarios e traballos sobre os espectáculos vistos, de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p>	<p>CCEC</p>
<p>AEDB1.6.1. Aмосa interese por construír unha personalidade autónoma e independente.</p>	<p>Todas as avaliacións. Este é un labor progresivo a conseguir durante todo o curso. Por medio da interpretación teatral e coreográfica buscarase favorecer a expresión individual de cada un dos estudantes, non só valorando as súas aportacións, senón esperando a súa valoración dos demais compañeiros e compañeiras.</p>	<p>Valora a creación dos personaxes e das historias por medio de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas. - Constrúe personaxes teatrais. - Reflexiona sobre creacións de personaxes realizadas por profesionais das artes escénicas. - Elabora monólogos teatrais con sentido de personaxe e buscando a súa propia voz. 	<p>Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente. Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. Elaboración de pequenos monólogos e/ou obras de teatro colectivas. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p>	<p>CAA</p>

			<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos sobre os espectáculos vistos, de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p>	
--	--	--	--	--

TEATRO

Estándar de Aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	C. Clave
<p>AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro.</p>	<p>1ª avaliación Durante este tempo traballaranse as distintas escolas de interpretación. Recoñecerase a estrutura dramática, na que a situación, o personaxe, o obxectivo, o conflito e a acción son a base da creación teatral.</p> <p>2ª avaliación Durante este tempo achegarémonos as distintas escolas interpretativas de danza, así como á súa evolución</p> <p>3ª avaliación Realización dun pequeno espectáculo escénico, coas distintas fases que se levan a cabo nel e o reparto de traballo habitual para realizar unha montaxe teatral. Repartiranse os distintos oficios necesarios para levar a cabo esta práctica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo.</p>	<p>Recoñece as distintas escolas interpretativas e as entende dentro da súa evolución histórica.</p> <p>Comprende como se leva a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p> <p>Traballa de xeito colaborativo e cooperativo para levar a cabo unha función teatral.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Levar a cabo un espectáculo teatral.</p> <p>(Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CCEC CD</p>
<p>AEDB2.2.1. Aplica as habilidades</p>	<p>1ª avaliación</p>	<p>Recoñece distintas técnicas de danza e</p>	<p>Realización de exames, probas,</p>	

<p>técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica.</p>	<p>Realizaranse pequenas improvisacións teatrais, lecturas dramatizadas de teatro e interpretacións coreográficas sinxelas.</p> <p>2ª avaliación Realización de diversas interpretacións con base na expresión corporal e coreográfica. Achegamento ás diversas técnicas de danza que se asimilarán para a práctica escénica.</p> <p>3ª avaliación Realización dun pequeno espectáculo teatral, no cal se aplicarán os contidos e as habilidades traballados ao longo do curso.</p>	<p>expresión corporal e as integra na súa práctica interpretativa.</p> <p>Comprende como se leva a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p>	<p>comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais.</p> <p>Elaboración de pequenos monólogos e/ou obras de teatro colectivas. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual (Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CSC CSIEE</p>
<p>AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autoconhecimento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal.</p>	<p>1ª avaliación Escolas e técnicas interpretativas teatrais e de improvisación. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación. Traballo da expresión oral e o ritmo tanto en prosa como en verso.</p>	<p>Recoñece as distintas escolas interpretativas e as entende dentro da súa evolución histórica.</p> <p>Comprende como se leva a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p> <p>Traballa de xeito colaborativo e</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito.</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios</p>	<p>CCEC CAA</p>

	<p>2ª avaliación Escolas e técnicas interpretativas de danza. A expresión corporal no Método Schinca.</p> <p>3ª avaliación Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.</p>	<p>cooperativo para levar a cabo unha función teatral.</p>	<p>teóricos a través do Aula Virtual Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente. Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais.</p> <p>(Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	
--	--	--	--	--

<p>AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p>	<p>1ª avaliación</p> <p>Realización de pequenas improvisacións teatrais, respectando as pautas marcadas.</p> <p>Realización de pequenas lecturas dramatizadas.</p> <p>2ª avaliación</p> <p>Realización de pequenas representacións coreográficas.</p> <p>3ª avaliación</p> <p>Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.</p>	<p>Comprende como se leva a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p> <p>Traballa de xeito colaborativo e cooperativo para levar a cabo unha función teatral.</p> <p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas.</p> <p>Declama os textos dramáticos escollidos.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito.</p> <p>(Exame escrito, 25%)</p> <p>Docencia telemática:40%</p> <p>Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral.</p> <p>Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais.</p> <p>(Exame práctico, 50%)</p> <p>Docencia telemática:40%</p> <p>Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%)</p> <p>Docencia telemática:20%</p> <p>Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CSC CSIEE</p>
<p>AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral.</p>	<p>1ª Avaliación</p> <p>Achegamento á técnica de improvisación teatral seguindo unhas pautas marcadas previamente.</p>	<p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas.</p> <p>Realiza pequenas prácticas de movemento corporal seguindo as instrucións marcadas e seguindo a técnica Laban.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito.</p> <p>(Exame escrito, 25%)</p> <p>Docencia telemática:40%</p>	<p>CCEC CAA</p>

	<p>Reflexión sobre o traballo de Laban e da kinesfera.</p> <p>2ª Avaliación Aplicación da improvisación teatral á danza e á técnica de expresión corporal Schinca. Achegamento á Commediadell' Arte, á súa tipoloxía de personaxes e á súa relación coa construción dun personaxe e coa improvisación.</p> <p>3ª Avaliación Aplicación da técnica de improvisación teatral ao deseño dun espectáculo.</p>	<p>Interioriza os principios da expresión corporal do Método Schinca.</p> <p>Consegue levar a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p>	<p>Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral.</p> <p>Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais.</p> <p>(Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	
--	--	--	---	--

<p>▪ AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción.</p>	<p>1ª Avaliación Achegamento á técnica de improvisación teatral seguindo unhas pautas marcadas previamente. Reflexión sobre o traballo de Laban e da kinesfera.</p> <p>2ª Avaliación Aplicación da improvisación teatral á danza e á técnica de expresión corporal Schinca. Achegamento á Commediadell' Arte, á súa tipoloxía de personaxes e á súa relación coa construción dun personaxe e coa improvisación.</p> <p>3ª Avaliación Aplicación da técnica de improvisación teatral ao deseño dun espectáculo.</p>	<p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas.</p> <p>Realiza pequenas prácticas de movemento corporal seguindo as instrucións marcadas e seguindo a técnica Laban.</p> <p>Interioriza os principios da expresión corporal do Método Schinca.</p> <p>Interioriza os principios de improvisación e a súa relación cos tipos da Commediadell'Arte.</p> <p>Consegue levar a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual Desenvolvemento dun espectáculo teatral.</p> <p>Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual (Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CCL CAA</p>
<p>AEDB2.3.3. Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática e teatral</p>	<p>1ª Avaliación Achegamento á técnica de improvisación teatral seguindo unhas pautas marcadas previamente. Reflexión sobre o traballo de Laban e da kinesfera.</p>	<p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas.</p> <p>Realiza pequenas prácticas de movemento corporal seguindo as instrucións marcadas e seguindo a técnica Laban.</p> <p>Interioriza os principios da expresión</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula</p>	<p>CAA CCEC</p>

	<p>2ª Avaliación Aplicación da improvisación teatral á danza e á técnica de expresión corporal Schinca. Achegamento á Commediadell' Arte, á súa tipoloxía de personaxes e á súa relación coa construción dun personaxe e coa improvisación.</p> <p>3ª Avaliación Aplicación da técnica de improvisación teatral ao deseño dun espectáculo.</p>	<p>corporal do Método Schinca.</p> <p>Improvisa un tipo da Commediadell' Arte.</p> <p>Consegue levar a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p>	<p>Virtual</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral.</p> <p>Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	
--	---	---	--	--

<p>▪ AEDB2.4.1. Participa nas actividades de grupo.</p>	<p>Esta labor realizarase ao longo de todo o curso, por medio da práctica interpretativa grupal, da montaxe de espectáculos teatrais e da reflexión colectiva sobre espectáculos vistos.</p>	<p>Consegue levar a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p> <p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas e respectando a labor dos compañeiros e compañeiras que participan na improvisación.</p> <p>Traballa de xeito colaborativo e cooperativo para levar a cabo unha función teatral.</p> <p>Realiza pequenas interpretacións grupais.</p>	<p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral.</p> <p>Realización de pequenas improvisacións teatrais, seguindo unhas pautas marcadas previamente.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais.</p> <p>(Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CSC CSIEE</p>
<p>AEDB2.4.2. Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo.</p>	<p>1ª Avaliación Estudo da evolución das distintas escolas teatrais ao longo da historia. Lectura dramatizada de obras teatrais.</p> <p>2ª Avaliación Estudo da evolución de formas teatrais musicais ao longo da historia: teatro musical, zarzuela e ópera.</p>	<p>Distingue diferentes obras de repertorio das distintas artes escénicas traballadas.</p> <p>Memoriza os guións traballados en clase e é capaz de representalos sen necesidade dun texto.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais.</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo</p>	<p>CAA CMCCT</p>

	<p>3ª Avaliación Estudo da evolución do xénero da danza ao longo da historia. Deseño dun espectáculo teatral. Memorización do texto traballado.</p>		<p>teatral. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	
--	---	--	--	--

DANZA

Estándar de Aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	
<p>AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.</p>	<p>2ª Avaliación Interpretación de diferentes técnicas de danza.</p> <p>3ª Avaliación Descrición e análise das formas e os estilos de danza. Paradigmas e escolas de danza. Técnicas de danza</p>	<p>Distingue os distintos estilos e formas de danza, relacionándoas coa súa evolución ao longo da historia.</p> <p>Reproduce e interpreta distintas técnicas de danza.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p>	<p>CCEC CCL CD</p>
<p>AEDB3.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo.</p>	<p>1ª Avaliación O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco. Calidades e dinámicas do movemento. Relación coa técnica Laban. Relación coa gravidade e enerxía do movemento</p> <p>2ª Avaliación Aliñamento e coordinación corporal. Musicalidade e precisión rítmica. Estruturas coreográficas</p> <p>3ª Avaliación Repertorio coreográfico.</p>	<p>Identifica diferentes coreografías por medio do seu visionado.</p> <p>Interpreta diferentes danzas, utilizando técnicas e calidades de movemento diverso.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios de obras visionadas e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p>	<p>CAA CMCCT</p>
<p>AEDB3.2.2 Integra pautas de conciencia corporal e de control</p>	<p>1ª Avaliación</p>	<p>Interpreta diferentes danzas, utilizando</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito</p>	<p>CAA CCEC</p>

<p>de movementos traballados na aula.</p>	<p>O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco. Calidades e dinámicas do movemento. Relación coa técnica Laban. Relación coa gravidade e enerxía do movemento</p> <p>2ª Avaliación</p> <p>Aliñamento e coordinación corporal. Musicalidade e precisión rítmica. Estruturas coreográficas</p> <p>3ª Avaliación</p> <p>Deseño dun espectáculo teatral. Integración das pautas e técnicas de movementos traballados ao longo do curso.</p>	<p>técnicas e calidades de movemento diverso.</p> <p>Consegue levar a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p>	<p>oral e por escrito.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas.</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	
<p>AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza.</p>	<p>1º Avaliación</p> <p>O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco. Calidades e dinámicas do movemento. Relación coa técnica Laban. Relación coa gravidade e enerxía do movemento Realización de pequenas improvisacións seguindo unhas pautas marcadas.</p> <p>2º Avaliación</p> <p>Aliñamento e coordinación corporal. Musicalidade e precisión rítmica. Estruturas coreográficas e</p>	<p>Interpreta diferentes danzas, utilizando técnicas e calidades de movemento diverso.</p> <p>Consegue levar a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p> <p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas e respectando a labor dos compañeiros e compañeiras que participan na improvisación.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas.</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral. Realización de pequenas improvisacións, seguindo unhas pautas marcadas previamente. (Exame práctico, 50%)</p>	<p>CCEC CAA</p>

	<p>composición coreográfica. Estudo das diferentes técnicas de danza Achegamento ao método Schinca Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.</p> <p>3ª Avaliación Deseño dun espectáculo teatral. Integración das pautas e técnicas de movemento traballadas ao longo do curso.</p>		<p>Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	
--	---	--	---	--

<p>AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.</p>	<p>1º Avaliación O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco. Calidades e dinámicas do movemento. Relación coa técnica Laban. Relación coa gravidade e enerxía do movemento</p> <p>Realización de pequenas improvisacións seguindo unhas pautas marcadas.</p> <p>2º Avaliación Aliñamento e coordinación corporal. Musicalidade e precisión rítmica. Estruturas coreográficas e composición coreográfica.</p> <p>Estudo das diferentes técnicas de danza Achegamento ao método Schinca Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.</p> <p>3ª Avaliación Deseño dun espectáculo teatral. Integración das pautas e técnicas de movemento traballadas ao longo do curso.</p>	<p>Realiza diferentes coreografías, utilizando técnicas variadas e calidades de movemento diverso.</p> <p>Consegue levar a cabo unha función teatral e participa nos pasos necesarios para levala a cabo.</p> <p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas e respectando a labor dos compañeiros e compañeiras que participan na improvisación.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas.</p> <p>Desenvolvemento dun espectáculo teatral. Realización de pequenas improvisacións, seguindo unhas pautas marcadas previamente. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CAA CCL CSIEE</p>
---	--	--	---	--------------------------------

OUTRAS ARTES ESCÉNICAS

Estándar de Aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	C. Clave
<p>AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións.</p>	<p>1ª Avaliación Recoñecemento de diferentes manifestacións de teatro.</p> <p>2ª Avaliación Recoñecemento de diferentes manifestacións de teatro musical, ópera e zarzuela.</p> <p>3ª Avaliación Recoñecemento de diferentes manifestacións de danza, circo contemporáneo e performance. Achegamento á creación de artes escénicas en Galicia. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine</p>	<p>Realiza improvisacións teatrais seguindo pautas marcadas e respectando a labor dos compañeiros e compañeiras que participan na improvisación.</p> <p>Recoñece, por medio de visionados, os distintos xéneros traballados ao longo do curso.</p> <p>Reflexiona, por medio de comentarios, sobre espectáculos de artes escénicas vistos.</p> <p>Ser capaz de expresarse, por medio das distintas técnicas traballadas, nas distintas artes escénicas traballadas en clase.</p> <p>Distingue características de cada un dos xéneros estudados.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito. (Exame escrito, 25%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. Realización de pequenas improvisacións, seguindo unhas pautas marcadas previamente. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual (Observación traballo diario, 25%) Docencia telemática:20% Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	<p>CCL CAA CSIEE</p>
<p>AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares.</p>	<p>1ª Avaliación Recoñecemento de diferentes xéneros teatrais: monólogo, comedia, traxedia, mimo e improvisación teatral.</p> <p>2ª Avaliación</p>	<p>Recoñece, por medio de visionados, os distintos xéneros traballados ao longo do curso.</p> <p>Reflexiona, por medio de comentarios, sobre espectáculos de artes escénicas vistos.</p>	<p>Realización de exames, probas, comentarios e traballos de xeito oral e por escrito.</p> <p>Interpretación sinxela de pequenas obras coreográficas e teatrais. (Exame práctico, 50%) Docencia telemática:40%</p>	<p>CCEC CAA</p>

	<p>Recoñecemento de diferentes manifestacións de teatro musical, ópera e zarzuela.</p> <p>3ª Avaliación</p> <p>Recoñecemento de diferentes manifestacións de danza, circo contemporáneo e performance. Achegamento á creación de artes escénicas en Galicia.</p> <p>Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine</p>	<p>Ser capaz de expresarse, por medio das distintas técnicas traballadas, nas distintas artes escénicas traballadas en clase.</p> <p>Distingue características de cada un dos xéneros estudados.</p>	<p>Entrega de cuestionarios prácticos a través do Aula Virtual</p> <p>(Observación traballo diario, 25%)</p> <p>Docencia telemática:20%</p> <p>Seguimento das actividades a través do Aula Virtual</p>	
--	---	--	---	--

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía aquí expresada está baseada en diferentes metodoloxías desenvolvidas por pedagogos e por profesionais das artes escénicas ao longo da historia.

En liñas xerais, a metodoloxía a empregar será activa e participativa. Para isto terase en conta os intereses do alumnado e recollerá as súas aportacións e iniciativas para conseguir introducilos dentro do proceso de aprendizaxe. Para facilitar o proceso de aprendizaxe, ademais, usaranse métodos propios da actividade das artes escénicas e danza, podendo empregar recursos metodolóxicos como xogos, improvisacións, observacións e outros recursos materiais.

A improvisación individual e grupal servirán para fomentar o desenvolvemento da creatividade, a sensibilidade artística e a desinhibición. A nosa actividade debe ser continuada no tempo polo que buscaremos á simultaneidade dos contidos ao longo do curso. Desta forma poderase reiterar, incidir e combinar os distintos contidos durante todo o curso. Para acadar uns resultados óptimos na nosa materia será necesario insistir tanto en aspectos físicos como psicolóxicos, xa que do contrario, sería difícil que o alumnado interiorice os contidos traballados para a consecución de destrezas e habilidades implícitas nestas disciplinas.

As actividades serán diferentes e diversas, gradadas e equilibradas tanto na súa duración como na súa dificultade, axudando desta forma a que o discente experimente un maior número de emocións e sensacións de tipo auditivo, visual, táctil e cenestésico. Ademais, deberán de ser atractivas e captar a atención dos nosos alumnos e as nosas alumnas cara a materia, contribuindo considerablemente ao incremento da súa participación, sobre todo na súa dimensión creativa. Así mesmo, deberán permitir tanto o traballo grupal ou en parellas, onde o discente poida se enriquecer coas súas respostas e as dos demais, de tal forma que consigamos que descubra as súas capacidades expresivas, as persoas e o seu entorno.

No desenvolvemento das clases empregaranse músicas e ritmos atractivos, permitindo ampliar tamén o espectro musical dos e das estudantes.

Utilizarase a instrución directa, pero tamén a aprendizaxe por descubrimento, permitindo que o alumnado investigue dentro das súas propias posibilidades e construíndo a partir de do que xa pode facer.

A observación, a imitación e a repetición serán tamén piares fundamentais á hora de aprender técnicas diferenciadas, pero nunca deberán impedir que os e as alumnas investiguen sobre as súas propias linguaxes interpretativas.

En xeral, as estratexias metodolóxicas basearanse nos seguintes principios:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos seus aprendizaxes previos.
- Posibilitar que os e as estudantes realicen aprendizaxes significativos por si mesmos.
- Favorecer situacións nas que os e as estudantes actualicen os seus coñecementos.
- Propiciar a interacción discente, docente-discente, e discente/docente co exterior.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os e as estudantes, nas que se poidan identificar e estean cerca da súa linguaxe.
- Proporcionar unha variedade de linguaxes para que o alumnado enriqueza a súa vivencia persoal.

Para desenvolver o traballo de expresión corporal utilizarase a metodoloxía desenvolvida por Marta Schinca, unha das grandes creadoras e impulsoras da Expresión Corporal tanto en España como no estranxeiro.

Á hora de achegarnos ao desenvolvemento do traballo do movemento corporal, partiranse das bases metodolóxicas desenvolvidas por Rudolf Laban.

Para traballar principios básicos corporais, partiremos do traballo que propiciou prácticas contemporáneas como son o de Dalcroze e Delsarte.

Á hora da creación de personaxe, partiremos da metodoloxía de Stanislavski chamada “O si máxico”. Á hora de achegarse á improvisación teatral, utilizaranse as técnicas básicas de improvisación teatral que parten dos cinco principios básicos: 1. Si e..., 2. axudar, 3. escoitarse, 4. lanzarse e 5. divertirse.

AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS CORRECTORAS SEGUNDO OS RESULTADOS

A avaliación inicial nesta materia, que non presenta unha clara continuidade con materias realizadas con anterioridade, suporá avaliar aos estudantes en principios básicos da psicomotricidade, así como comprobar o estado real da capacidade de expresión e control corporal. Se o alumnado non ten un mínimo control corporal procederase a traballar dun xeito máis individualizado con el, de forma que poida desenvolver as súas características propias e integralo no grupo.

Dado que a maioría das actividades que se van facer son colaborativas, incluírase a estes alumnos ou alumnas nos grupos, sempre tendo en conta as dificultades á hora de asignaráselle un papel cunha dificultade menor ou similar. Valorarase sempre ao estudante dentro das súas capacidades.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.) e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.

Con este criterio preténdese fomentar, entre o noso alumnado, a reflexión entorno á función das artes escénicas para a condición humana, de forma que poida describir as súas propias emocións e como se senten no grupo.

2. Desenvolver capacidades e destrezas lingüísticas orais e escritas, non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo

Por medio deste criterio búscase desenvolver distintas linguaxes básicas no desenvolvemento de todas as persoas e descubrir que por medio de todas elas podemos fomentar a nosa creatividade e realizar creacións artísticas, ademais de descubrir a potencialidade comunicativa que teñen todas elas.

3.- Explicar os estilos e as formas de teatro: textual, xestual, de obxectos, musical e lírico.

Por medio deste criterio búscase reflexionar co alumnado sobre cuestións técnicas das artes escénicas, de forma que se visibilice o papel de todos os elementos que conforman un arte escénico.

4. Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral e/ou de danza onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme a técnica establecida na disciplina teatral ou dancística e do respecto polo quefacer dos demais.

5. Explicar os estilos (clásica, moderna, española e baile flamenco) e as formas de danza (étnicas e populares), en función da historia e das especialidades educativas.

vocal ou de movemento.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións coreográficas facéndoo con rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento.

6. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en danza e teatro.

Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da improvisación.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material máis aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

25% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos descritos nas táboas anteriores.

50% da nota atribuíble ao exame práctico que engloba os contidos das táboas anteriores, atendendo moi especialmente á participación do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso.

25% da nota atribuíble a observación diaria na clase, baseada nos parámetros descritos nas táboas anteriores.

O profesor pode, se o considera pertinente, poñerlle notas distintas aos integrantes dun grupo valorando a súa achega.

Os exames versarán sobre os aspectos teóricos desenvolvidos ao longo do curso escolar.

O traballo de aula será o seguinte: lecturas dramatizadas, actividades de expresión corporal, pequenas coreografías, creacións performáticas, realización de improvisacións teatrais e/ou dancísticas, montaxes de obras clásicas e/ou creacións do propio alumnado.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Faranse Adaptación Curriculares nos casos nos necesarios, tendo en conta os informes do departamento de orientación.

Prestarase Reforzo Educativo a todo o alumnado repetidor, ou coa materia pendente.

Considerarase que un alumno abandona a materia cando non fai ningunha das tarefas propostas na clase e non fai as probas de avaliación (negarse a tocar ou cantar, e deixar os exames en branco). Esta actitude conleva a perda da avaliación continua, e a realización dunha proba extraordinaria en Xuño.

INDICADORES DE LOGRO

Lectura dramatizada con soltura dos textos propostos.

É capaz de improvisar, seguindo os patróns acordados, un pequeno número.

Comprensión da función dos distintos elementos teatrais e utilización dos mesmos nunha obra de teatro escolar.

Asimilación da evolución das distintas artes escénicas e a súa relación coa evolución da nosa sociedade. Comprende desta forma características básicas da historia do teatro e da danza, así como das distintas escolas interpretativas.

Diferenza as características básicas dos distintos xéneros teatrais.

Coñecemento das características principais dos estilos nos que tradicionalmente dividimos ao teatro, ópera e danza Occidental. Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo e século XX.

Comprende e utiliza as distintas calidades do movemento corporal.

É capaz de traballar en grupo, respectando os tempos e escoitando ao resto dos compañeiros.

Memoriza textos, coreografías e expresións corporais breves axeitadas á idade do alumnado.

Busca, nos seus propios movementos, a súa propia linguaxe por medio da expresión corporal.

Reproduce e distingue distintas calidades de movemento.

Responsabilízase do coidado do material de aula que está a empregar e non entorpece o labor dos compañeiros.

Utiliza unha expresión corporal axeitada, coidando do seu propio corpo en todas as prácticas escénicas realizadas.

Emite a voz correctamente, comprendendo a función do aparato fonador e traballando a declamación.

Participación de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.

Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.

Interioriza os elementos básicos da obra a desenvolver, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.

Asúmese de forma solidaria ao resultado do conxunto.

Comprende e valora o concepto de Artes Escénicas.

Recoñece obras básicas do repertorio teatral, dancístico e operístico.

Interioriza a necesidade do silencio para poder visualizar e crear unha obra artística.

Respecto e interese por escoitar as propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.

Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

Comprende que as artes escénicas están na base de diferentes linguaxes que nos rodean, especialmente no ámbito audiovisual.

Empregar distintas fontes de información, bibliográfica e dixital. Poderá empregarse dispositivos móbiles na aula para tal fin.

Participa activamente na realización do traballo colaborativo.

Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado.

Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.

Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

Non son pertinentes, xa que a materia pertence a un curso no que se titula ou se repite.

PLAN LECTOR

Nas clases de artes escénicas e danza a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á propia expresión interpretativa teatral, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e creadores.

Tamén a través da lectura comprensiva e dramatizada dos textos dramáticos utilizados, así como da lectura de textos críticos sobre as obras traballadas en clase dos diferentes xéneros expostos.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtítuloado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

Durante as clases utilizaranse un mínimo de dez minutos á lectura comprensiva de textos que expoñen polo xeral os contidos propios da materia. Ademais, haberá clases enteiras dedicadas a traballar a lectura dramatizada, que sempre levará unha reflexión posterior.

Por outra banda, fomentase a crítica teatral, por medio de ensaios e críticas individuais ou colectivas.

Utilizaranse dous tipos de linguaxe na aula: a linguaxe verbal e a linguaxe corporal. Ambas as dúas serán fundamentais tanto para crear como para entender outras creacións, así como para entender instrucións básicas, expresar emocións e dialogar os uns cos outros.

ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PROXECTO LECTOR

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento da lectura nas clases de artes escénicas e danza:

- Lectura persoal de textos expositivos e realización oral ou escrita de cuestións vinculadas coa comprensión do contido dos mesmos.
- Realización de críticas e comentarios sobre actuacións vistas.
- Lectura e comprensión de definicións de conceptos.
- Definición destes conceptos aprendidos mediante o uso do propio vocabulario.
- Lectura de textos de prensa, revistas ou información recollida en Internet dos que se lles pide resumir, sinalar ideas principais e secundarias, inventar un novo titular no caso dunha nova e, se cadra, a opinión propia.
- Lectura de información relativa a un tema concreto coa finalidade de elaborar pequenos traballos escritos.
- Lectura dramatizada de textos teatrais diversos.
- Creación dun monólogo ou obra teatral completa.

- Reflexión sobre a linguaxe corporal e a súa recepción.

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

No área de Artes escénicas e Danza cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Estase a promocionar unha canle de Youtube con contidos xerados no instituto (vídeos dos alumnos) ou ben ligazóns a temas de interese (vídeos de audicións)

Os alumnos e as alumnas utilizarán Internet para ampliar/ actualizar información sobre o traballado en clase.

Utilizarase a Aula Virtual do centro para compartir información e manter todos os documentos utilizados en clase a disposición das familias e o alumnado ao longo de todo o curso.

Mediante a realización de traballos de investigación sobre un tema determinado, os e as estudantes farán uso da rede e mesmo de programas de edición de partituras, imaxes e textos, gravación sonora e audiovisual, etc.

ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

- Realización de proxectos multimedia sobre temas diversos incluídos nos contidos da materia.
- Recadar información (verbal ou musical) presente en Internet necesaria para o desenvolvemento de actividades varias.
- Secuenciación de vídeos gravados en clase ou interpretacións públicas.
- Visualización de fragmentos de películas, óperas, zarzuelas, coreografías, musicais, espectáculos teatrais e documentais.

TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para cuida-la saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na puertade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Buscarase acudir a algún espectáculo teatral, en colaboración con outros departamentos: Lingua castelá, Latín, Música, Inglés, Francés ou Lingua galega.
Intentarase conseguir intervencións dentro da aula de profesionais das Artes escénicas de Galicia.

Realizarase, a final de curso e como proxecto final, unha representación teatral na que participe todo o alumnado, esta actividade realizarase preferentemente no salón de actos ou no hall do instituto.

Colaboración coa Fundación Wenceslao Fernández Florez e o seu grupo de teatro para realizar obradoiros e charlas no centro e/ou na Fundación.

Colaboración coa CÍA Traspediante (danza), Elefante Elegante (teatro) e Pistacatro (circo) para a realización de obradoiros no centro.

BIBLIOGRAFÍA

ABAD CARLES, Ana, *Historia del Ballet y de la Danza Moderna*, Madrid, Alianza Editorial, 2005.

ALEMANY LAZARO, MariaJose, *Historia de la danza I, Valencia*, 2009, Piles.

BACHMANN, Marie-Laurie, *La rítmica de JacquesDalcroze: una educación por la música y para la música*, Madrid, Pirámide, 1998.

BOGART, Anne, *La preparación del director*, Barcelona, Alba Editorial, 2008.

BOURCIER, Paul, *Historia de la danza en Occidente*, Barcelona, Bume, 1981.

BRECHT, Bertolt, *Escritos sobre teatro*, Barcelona, Alba Editorial, 2004.

BROOK, Peter, *El espacio vacío*, Barcelona, Península, 1997.

BOBES NAVES, M^a del Carmen, *Semiología de la obra dramática*, Madrid, Arco, 1997.

BRECHT, Bertolt, *Escritos sobre teatro*, Barcelona, Alba, 2004.

BROOK, Peter, *Más allá del espacio vacío*, Barcelona, Alba, 2004.

CANFIELD, Curtis, *El arte de la dirección escénica*, Madrid, ADE, 1991.

CASTRONUOVO, Julio, *Lecciones de pantomima*, Madrid, Fundamentos, 2008.

CASARES RODICIO, Emilio (dir.), *Diccionario de la zarzuela: España e Hispanoamérica*, Madrid, Instituto Complutense de Ciencias Musicales, 2006.

CEBALLOS, Edgar, *Principios de dirección escénica*, México, Escenología, 1999.

CLURMAN, Harold, *La dirección teatral*, Buenos Aires, Grupo Ed. Latinoamericano, 1999.

COPEAU, Jacques, (Blanca Baltés. Ed.) *Hay que rehacerlo todo. Escritos sobre el teatro*, Madrid, ADE, 2002.

CRAIG, Edward Gordon, *del arte del teatro*, Argentina, Hachette, 1957.

DÍEZ BORQUE, José María, *Historia del Teatro en España*, Madrid, Taurus, 1983-1988.

GARCÍA BARRIENTOS, José Luis, *Cómo se comenta una obra de teatro*, Madrid, Síntesis, 2001

GARRIDO GALLARDO, Miguel Ángel, *Teoría de los géneros literarios*, Madrid, Arco, 1988.

GÓMEZ GARCÍA, Manuel, *Diccionario del Teatro*, Madrid, Akal, 1997.

GIES, David T., *El teatro en la España del siglo XIX*, Cambridge, Cambridge University Press, 1996.

GROTOWSKI, Jerzy, *Hacia un teatro pobre*, México D.F., Siglo XXI editores, 2000.

HORMIGÓN, J. A., *Trabajo dramático y puesta en escena*, Madrid, ADE, 2002.

HUERTA CALVO, Javier (dir.), *Historia del Teatro Español*, T. II (*Del siglo XVIII a la época actual*), Madrid, Gredos, 2003.

HUERTA CALVO, Javier, PERAL VEGA, Emilio, URZÁIZ TORTAJADA, Héctor, *Teatro Español (de la A a la Z)*, Madrid, Espasa Calpe, 2005.

LECOQ, Jacques, *El cuerpo poético*, Barcelona, Alba Editorial, 2003.

KANTOR, Tadeusz, *El teatro de la muerte*, Buenos Aires, De la Flor, 2004.

KNEBEL, María Ósipovna, *El último Stanislavsky*, Madrid, Fundamentos, 1996.

LABAN, Rudolf, *El dominio del movimiento*, Madrid, Fundamentos, 2006.

LAYTON, William, *¿Por qué? Trampolín del actor*, Madrid, Fundamentos, 1990

LEVER, Maurice: *Isadora*, Barcelona, Circe. 1989.

MARCER, Angels, *Taller de teatro, cómo organizar un taller y una representación teatral*, Barcelona, Alba, 2004.

MENÉNDEZ TORRELLAS, Gabriel, *Historia de la ópera*, Madrid, Akal, 2013.

MEYERHOLD, Vsevolod, *Textos teóricos*, Madrid, ADE, 2008.

NIEVA, Francisco, *Tratado de Escenografía*, Madrid, Fundamentos, 2000.

OLIVA, César / TORRES MONREAL, Francisco, *Historia básica del arte escénico*, Madrid, Cátedra, 1994.

SANCHEZ, José A. (ed.), *La escena moderna. Manifiesto y textos sobre el teatro de la época de las vanguardias*, Madrid, Akal, 1999.

SCHINCA, Marta, *Expresión corporal. Técnica y expresión del movimiento*, Madrid, WoltersKluwer, 2010.

SCHINCA, Marta, *Manual de psicomotricidad, ritmo y expresión corporal*, Madrid, WoltersKluwer, 2011.

STANISLAVISKI, Konstantín, *La construcción del personaje*, Madrid, Alianza, 2002.

TATO FONTAÍÑA, Laura, *Historia do teatro galego, desde as orixes ata 1936*, Santiago de Compostela, A Nosa Terra, 1999.

WIGMAN, Mary: *El lenguaje de la danza*, Barcelona, El Aguazul, 2002.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dividiremos as actividades en dous grupos:

1) Actividades dentro do centro:

Actuación do alumnado no acto de graduación de 2º de Bacharelato

Concertos do alumnado dos diferentes grupos, coa asistencia do resto do alumnado. Poderán asistir os pais no caso de que se desenvolvan pola tarde.

Actuacións e concertos relacionados son datas significativas: Samaín, Día da paz, Entroido, Día do libro, Día das letras galegas.....

Visitas de profesionais do mundo das Artes Escénicas e da Música para charlas e obradoiros

Representación teatral ao final do curso

2) Actividades fóra do centro:

Actividades para os participantes no coro do IES: actuacións fora do centro e asistencia a talleres de formación de técnica vocal.

Ourencanto: Fin de semana en Ourense adicado a Obradoiro e concerto de canto para alumnado dos centros de toda Galicia. Probables datas: 21 ao 23 de Abril

Asistencia aos ensaios da OSG no caso de que sexan ofertados e concedidos

Asistencia a actividades musicais que poidan xurdir ao longo do curso e que puideran ser de gran interese para a formación musical do alumnado.

Asistencia a espectáculos teatrais en colaboración con outros departamentos: Lingua castelá, Lingua Galega, Latín, Inglés, Francés..

AVALIACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Teranse en conta tanto as observacións descritas nas reunións de departamento correspondentes as avaliacións ordinarias, como na memoria de final de curso co fin de introducir medidas correctoras no proceso ensino – aprendizaxe.

Así mesmo, analizarase a variación de resultados na proba de de discriminación auditiva e musical realizada ao principio e final de curso.

Asdo. Beatriz Alonso Pérez-Ávila, María Antonia Montes Fernández e María Jesús Domínguez Daponte

